
Plan de acción CoARA 2024-2027

1. Resumo

A Universidade de Vigo (UVigo) ratificou en decembro de 2022 a súa adhesión á «Coalition for Advancing Research Assessment» (CoARA).

A adhesión á CoARA implica o deseño dun plan de acción para mellorar a calidade, a execución e o impacto da investigación.

A UVigo cumpriu este compromiso coa aprobación do presente plan de acción, que incorpora os principios de diversidade, inclusión, colaboración etc., como base dos criterios e procesos de avaliación.

Este programa de reforma progresiva dos sistemas internos de avaliación da investigación ten en conta os compromisos do «Agreement on reforming research assessment» e as recomendacións do documento «Support for CoARA signatories in the preparation of action plans».

O plan de acción tamén incorpora un proceso consultivo e participativo, involucrando persoas investigadoras de diversas disciplinas e etapas profesionais para que poidan achegar os seus valiosos comentarios durante a fase inicial de deseño.

Ademais, o plan está estratexicamente aliñado, fomentando sinerxías e oportunidades con outras iniciativas xa en marcha na UVigo como:

- A Estratexia de recursos humanos para investigadores (HRS4R), para unha mellor aplicación dos principios da Carta nas súas políticas e prácticas.
- O «Open, Transparent and Merit-Based Recruitment of Researchers» (OTMR), para asegurar que se contrata a mellor persoa para cada posto, garantindo a igualdade de oportunidades e de acceso, facilitando o desenvolvemento dunha carreira internacional (cooperación, competencia, mobilidade) e facendo máis atractiva a carreira investigadora.

- Universidade Europea ATHENA, unha alianza de dez institucións de educación superior e investigación de diferentes zonas xeográficas de Europa para ofrecer currículos centrados en cada estudante e impartidos conxuntamente en campus interuniversitarios, onde se dispón de diferentes opcións de mobilidade. Todo isto desde un enfoque de cooperación interdisciplinar para tratar os problemas da Europa de hoxe en día.

2. Introducción

No ámbito académico cada vez demándase máis unha reavaliación das metodoloxías de avaliación da investigación.

Iniciativas como a «San Francisco Declaration on Research Assessment» (DORA), o «Leiden Manifesto for Research Metrics» (2015) e a declaración conxunta da Asociación Europea de Universidades (EUA) e Science Europe (2019) subliñan a urxente necesidade de actualizar as prácticas de avaliación da investigación.

A «Coalition for Advancing Research Assessment» (CoARA) ten como obxectivo redefinir a avaliación da investigación científica e representa un esforzo colectivo para rediseñar como se avalía a investigación.

A aliñación de ANECA con CoARA implicou modificacións normativas, reflectidas especialmente na LOSU e no Real decreto 678/2023, xunto coa Resolución, do 19 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral de Universidades sobre os criterios 2023 para os sexenios de investigación. Ademais, a primeira Estratexia nacional de ciencia aberta (ENCA) 2023-2027 prioriza o establecemento de novos mecanismos de avaliación da investigación e un marco de incentivos para fomentar as prácticas de ciencia aberta.

A CoARA avoga por unha avaliación cualitativa da investigación, coa revisión por pares como pedra angular, complementada co emprego responsable de indicadores bibliométricos. Ademais, a CoARA reconece o imperativo de dar cabida á diversidade inherente aos resultados, metodoloxías e prácticas de investigación nas distintas disciplinas e etapas profesionais. A CoARA tamén fomenta a conduta ética na investigación, os principios da ciencia aberta e a difusión dos traballos de investigación.

Ao adherirse á COARA, a Universidade de Vigo fai seus todos estes principios e compromisos.

3. Avaliación da investigación na Universidade de Vigo

O compromiso da Universidade de Vigo coa transformación da investigación cara a unha avaliación máis cualitativa, transparente, xusta, diversa e inclusiva maniféstase no feito de que as convocatorias internas de axudas para actividades de investigación introducen desde hai tempo elementos de avaliación cualitativa, como a valoración da diversidade de resultados, máis aló das publicacións:

- ✓ Patentes
- ✓ Contratos
- ✓ Difusión de resultados
- ✓ Concesión de licenzas dos resultados da investigación
- ✓ Creación de empresas derivadas (*spin-offs*), colaboración con empresas
- ✓ Proxectos con impacto social

E, recentemente, criterios de acceso aberto.

Estes criterios xa se aplicaron nalgunhas actividades de avaliación da UVigo, como:

- Avaliación de méritos da produción científica e da produción de transferencia
- Convocatorias de mobilidade de persoal investigador da UVigo
- Bolsas predoutorais

A UVigo quere fomentar unha contorna de avaliación que potencie os incentivos para a investigación de alta calidade ou relevante.

Con este propósito, a UVigo deseñou este plan de acción CoARA para aumentar gradualmente a importancia da avaliación cuantitativa por pares, todo iso mediante o uso responsable de indicadores bibliométricos.

4. Plan de acción da Universidade de Vigo

FASES	LIÑAS	ACCIÓNS	CALENDARIO	DESCRICIÓN
FASE A	Creación do comité CoARA	Recursos humanos e materiais	2024	<p>Creación do grupo de traballo para elaborar, aplicar e seguir o plan de acción da CoARA.</p> <p>Establecemento de reunións periódicas de seguimento.</p> <p>Dotación de recursos.</p>
FASE B	Estratexia CoARA	Visibilidade/Comunicación	2024	Facer visibles os principios da CoARA e o compromiso da institución con eles.
	Identificación do estado de situación	Diagnóstico dos procedementos de avaliación da actividade investigadora	2024	Análise dos métodos de avaliación aplicados á estrutura da investigación (grupos, departamentos e persoal investigador) en materia de financiamento, selección de persoal, contratación e evolución da carreira académica na Uvigo e nas institucións da contorna nacional e europea.

FASE C	Implicación da comunidade institucional no proceso de cambio	Formación, divulgación e sensibilización	2024	Fomentar a concienciación e instaurar unha cultura de avaliación científica rigorosa en toda a institución.
		Carreira investigadora	2024	Deseño de itinerarios de formación de persoal investigador.
		Consulta pública	2024	Implicar o persoal investigador no proceso de reforma da avaliación recollendo os seus puntos de vista e expectativas respecto á mellora do sistema de avaliación.
		Debate coas partes interesadas	2024	Implicar o resto das partes interesadas no proceso.
FASE D	Implementación de ferramentas para o cambio	Definición do novo sistema de avaliación	2025	Selección dos novos criterios que se deben aplicar.
		Procura de ferramentas para aplicar os criterios da CoARA	2025	Deseño e creación das novas ferramentas para o novo sistema.
FASE E	Proba piloto		2026	Deseñar un proxecto piloto destinado especificamente a perfeccionar os mecanismos de

		Iniciativa piloto para a revisión dos protocolos de avaliación		avaliación da investigación, co fin de fomentar unha contorna propicia á excelencia investigadora.
FASE F	Implantación global	Implementación global progresiva	2026-2027	Aplicación de protocolos de avaliación revisados en consonancia coa CoARA.
	Difusión e divulgación	Actividades de comunicación	2027	Difundir o proceso de transformación da Universidade de Vigo. Fomentar a colaboración e o intercambio de coñecementos con outras universidades e grupos de interese.